

8 de abril de 2017

Día Internacional do Pobo Xitano

Declaración institucional

Con motivo do Día Internacional do Pobo Xitano, 8 de abril, o Concello de Vigo quere sumarse a esta celebración que lembra o Primeiro Congreso Xitano celebrado en Londres o 8 de abril de 1971, no que se instituíu a bandeira e o himno xitano.

Nun proceso de avance no necesario e xusto recoñecemento institucional do pobo xitano, estes símbolos poderán ser empregados protocolariamente nas conmemoracións, actos e eventos institucionais relativos o pobo xitano, posto que o pasado 9 de marzo, o Congreso dos Deputados aprobou por unanimidade unha Proposición non de Lei pola que “o Congreso insta o Goberno a declarar o 8 de abril coma o Día do Pobo Xitano, recoñecendo a bandeira azul e verde con unha roda vermella de 16 radios e o *Gelem Gelem* como himno do Pobo Xitano”.

Dende os poderes públicos debemos contribuir a ese recoñecemento institucional a unha comunidade cunha historia e cultura propias, asentada en España dende fai xa máis de cinco séculos e que, con todo, segue sendo a minoría máis rexeitada socialmente tanto en España coma en Europa.

Este Día Internacional do Pobo Xitano debe ser un día de celebración para os xitanos e xitanas, o que cada vez máis debemos sumarnos as institucións e o conxunto da sociedade. É un día para lembrar a historia do pobo xitano, o seu longo e penoso peregrinaxe de expulsións o longo dos séculos, un día para lembrar as vítimas do xenocidio nazi e de tantas persecucións o longo da súa historia.

Este 8 de abril é unha oportunidade para recoñecer a comunidade xitana como parte da nosa cidadanía, mostrar a realidade diversa e plural do pobo xitano e poñer en valor as súas aportacións a construción da nosa sociedade.

A pesar dos avances que xa se produciron nas últimas décadas, a comunidade xitana segue sufrindo uns niveis de pobreza e exclusión que revelan a gran fenda de desigualdade que lles impide moitas veces o pleno exercicio dos seus dereitos. Os elevados índices de fracaso escolar entre o alumnado xitano, as dificultades das persoas xitanas para acceder o mercado laboral, a situación de infravivenda de moitas familias, lastran calquera oportunidade de avance social. A iso hai que sumar a mala imaxe social da comunidade xitana, baseada en prexuízos e estereotipos moi arraigados na nosa sociedade, que xorden moitas veces do profundo descoñecemento, e que xeran situacións de rexeitamento e discriminación.

Os poderes públicos teñen a responsabilidade de garantir a igualdade de tódolos cidadáns, tamén dos xitanos, poñendo en marcha as medidas necesarias para reducilas desigualdades sociais, combater a discriminación e o antixitanismo, e favorecer a participación activa de xitanos e de xitanas en tódolos ámbitos e espazos da nosa sociedade.

O 8 de abril, Día Internacional do Pobo Xitano, é unha boa ocasión para visibilizar a comunidade xitana e celebrar este día xunto os nosos concidadáns xitanos e xitanas, e pedimos o conxunto da sociedade que se sume a esta conmemoración.